

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL E O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE RENOVABLES TÉRMICAS COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público formalizou ca Axencia Galega da Industria Forestal, o instrumento de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o acordo de cooperación ten por obxecto establecer as condicións para potenciar o aforro, a eficiencia enerxética e o uso das enerxías renovables térmicas co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura enerxética nos centros pertencentes a administración pública, neste caso trátase do seguinte:

- Executar as actuacións que se desenvolverán no edificio da Axencia en San Lázaro sito na Avda. Fernando de Casas Novoa, 38, 15707 Santiago de Compostela. Trátase de actuacións en materia de renovables e van consistir na instalación de sistemas de xeración térmica a partir de biomasa e aerotermia, co fin de dar servizo de calefacción e/ou auga quente sanitaria a este centro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste acordo de cooperación, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Sinatura electrónica e data na marxe esquerda.

